

## 10 de marzo: folga xeral comarcal en Ferrolterra



### **Basta de agresións contra a clase traballadora! Rescatar as persoas, non as empresas! 10 de marzo: todas e todos á Folga Xeral!**

Ferrolterra leva décadas padecendo unha grave crise: reconversión de Astano e reducións de persoal en Navantia, até o peche de moitas pequenas e medianas empresas. Nos últimos tempos a situación agravouse cunha nova onda de EREs ou peches: Poligal, Cándido Hermida, Noa, Galicia Textil, Gamesa, térmica das Pontes, centos de despedimentos na industria auxiliar de Navantia... Pode dicirse o mesmo da Mariña, onde só a loita obreira puido evitar de momento os despedimentos en Alcoa.

Os traballador@s desta comarca tamén vimos sufrindo, como o resto da clase obreira do Estado español, ataques permanentes en forma de contrarreformas laborais, contrarreformas das pensións, recortes nos servizos públicos (nomeadamente sanidade e ensino) e mesmo recortes nos dereitos democráticos (Lei Mordaza).

Todo isto non é consecuencia dun cataclismo natural, senón dunha política consciente por parte dos empresarios e os seus representantes políticos para **EMPOBRECER** á clase traballadora, e así **ENRIQUECERSE** eles aínda máis.

Para evitar a nosa resposta, os traballador@s sufrimos un constante bombardeo de mentiras para facernos crer que, se ás empresas lles vai ben, entón ós traballador@s tamén nos irá ben e, xa que logo, debemos mirar polos intereses da empresa. Nada máis **falso**.

En primeiro lugar, porque sobran os exemplos (o último Gamesa) de empresas que, tras iralles moi ben, pecharon.

E en segundo lugar, porque que haxa emprego (ou carga de traballo en Navantia) só é a metade do problema. A outra metade son as **condicións laborais** en que traballamos. Os empresarios e a dereita téñeno claro: hai que conformarse co que hai, pedir dereitos xa é vicio. Para a CGT, a actitude é toda a contraria: para mirar polos intereses das empresas xa están os empresarios; os traballadores temos que mirar polos nosos intereses propios, polos nosos **intereses de clase** porque se non miramos nós por eles, non mirará ninguén.

Hai un profundo malestar social latente pola situación sanitaria, económica e laboral. Se aínda non se converteu nunha protesta masiva é fundamentalmente polo papel de CCOO e UGT, empeñados nunha política de paz social que nos debilita e que na práctica equivale a **colaborar** nos ataques que sufrimos. Só hai que mirar o que fan en moitas empresas ou nas compañías de Navantia.

O desemprego, a desindustrialización, o empobrecemento non afectan exclusivamente a Ferrolterra. Estamos ante unha auténtica guerra dos capitalistas contra **toda a clase obreira**. Esta situación ten unha causa: a economía de libre mercado, o capitalismo, un sistema que non pensa no benestar da maioría da sociedade, senón nos beneficios privados. As mesmas grandes empresas que levan anos amasando beneficios e recibindo moreas de cartos públicos deixan na rúa ós traballador@s, queren que sexamos nós os que paguemos os pratos rotos da súa crise.

A situación é grave. A CGT convoca a folga xeral do 10 de marzo en Ferrolterra e chama a tódolos traballadores e traballadoras a

secundala. A CGT vai a esta folga coas reivindicacións que os traballador@s necesitamos:

En **defensa** de tódolos **empregos.Carga de traballo** para Navantia.Contratación directa por Navantia da man de obra que necesita. Fóra a subcontratación. Por unha **Navantia 100% pública**.

Expropiación sen indemnización e **nacionalización baixo control obreiro de Siemens Gamesa**.Expropiación sen indemnización e **nacionalización baixo control obreiro da térmica das Pontes** para, en combinación coa factoría das Somozas, crear un **polo industrial de enerxías limpas e sostibles**.**Derrogación das reformas laborais e de pensións**, tanto a de Rajoy como a asinada por Zapatero con CCOO e UGT. **Redución da idade** de xubilación con contratos de relevo.Por un **Salario Mínimo Interprofesional de 1.200 €** e un **subsidio de desemprego indefinido igual ó SMI**.Traballar menos para traballar tod@s: xornada laboral de **35 horas sen redución salarial**.Expropiación sen indemnización e **nacionalización baixo control obreiro da banca**, para acabar cos abusos dos bancos privados e dispoñer de **recursos para crear empregos e eliminar a lacra do paro**.

É un erro pedir que o Estado entregue cartos públicos ás empresas privadas. Esa non é a solución, é xustamente o problema. O único xeito de defender os empregos existentes e unhas condicións laborais dignas é substituíndo as políticas económicas actuais, que antepoñen os intereses empresariais, por outras que antepoñan o benestar das persoas.

Por iso a **CGT rexeita a participación da dereita e a patronal na manifestación**. ¿De verdade que os que nos despiden están preocupados polos parad@s? O único que queren son cartos para eles. ¿Imos permitir que o PP se presente como defensor dos traballadores cando a súa reforma laboral permitiu que Gamesa pechase e cando atrasou as F-110 durante **dous anos** porque o seu ministro Morenés quería beneficiar á súa antiga empresa?

Non é coa dereita e a patronal de Ferrolterra con quen nos temos que unir, senón cos traballador@s doutras comarcas, para convocar unha folga xeral en Galiza que sexa un primeiro paso para a convocatoria dunha folga xeral en todo o Estado.

A renuncia do goberno de coalición a romper coas políticas capitalistas faise cada día máis evidente, envalentonando á dereita e ós sectores máis reaccionarios do aparato do Estado. As faragullas do chamado "escudo social" non frean a sangría social. Os fondos europeos para as empresas pagarémolos con máis austeridade. Estase a preparar unha nova onda de recortes, empezando pola reforma das pensións do ministro Escrivá.

O PSOE está xirando á dereita e tenta recompoñer as relacións co PP para sacar adiante esa axenda, o que agudiza os choques con Unidas Podemos, que ten que dar un puñazo na mesa, non lexitimar esas políticas e tomar o camiño da mobilización, o único que permite arrincar dereitos.

**Si temos forza. Fai falla dicir ¡BASTA! mediante unha REBELIÓN SOCIAL DA CLASE TRABALLADORA. Outro sindicalismo é posible e necesario.** Fai falla un sindicalismo combativo, de clase e assembleario, e tamén anticapitalista porque temos que atacar a raíz do problema, que é este sistema inxusto. Fai falla fortalecer o sindicalismo que representa a **CGT**.

**DEFENDAMOS CADA POSTO DE TRABALLO MANIFESTACIÓN as 12:00 CGT de Ferrolterra**